

## REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

O Real Decreto 822/2021, que establece a organización dos ensinos universitarios oficiais, dispón no artigo 14 que estes concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grao (TFG) que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación das competencias asociadas ao título.

A memoria do Título de Grao en Fisioterapia inclúe a elaboración e exposición do TFG e asínlle unha carga lectiva de 9 ECTS a realizar no octavo semestre.

Co fin de acadar unha carga de traballo semellante en todos e cada un dos TFG que realizará o alumnado, tendo en conta que van ser titorizados por diversos/as profesores/as e que haberá varios tribunais xulgadores, é conveniente establecer unha normativa para a elaboración dos devanditos traballos e para a valoración dos mesmos.

Baseándose no antedito e no regulamento para o desenvolvemento dos TFG das titulacións oficiais aprobadas en Consello de Goberno con data catorce de novembro de dous mil once, a Facultade de Fisioterapia elabora o seguinte regulamento:

### Artigo 1. Obxecto.

1. O presente regulamento ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación e revisión do TFG.
2. A aplicación e interpretación do presente regulamento corresponderalle á Xunta de Centro.

### Artigo 2. Definición

1. O TFG forma parte do plan de estudos do grao en Fisioterapia cunha carga lectiva de 9 créditos, debendo ser un traballo orixinal, realizado de xeito persoal e autónomo polo alumnado, baixo titorización docente, e debe permitir amosar de xeito integrado a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.
2. O TFG deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades:
  - a. Capacidade para definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con algún ámbito de coñecemento do grao.
  - b. Capacidade para realizar o traballo proxectado.
  - c. Capacidade para presentar e defender o TFG.

3. O TFG incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.
4. A titularidade dos dereitos da propiedade intelectual corresponderá ao/á estudante que o elaborou. Esta titularidade pode compartirse coa persoa titora.
5. O TFG terá a súa guía docente, axeitada á normativa correspondente.
6. A avaliación do TFG será responsabilidade dun tribunal.

### **Artigo 3.** Matrícula.

Para poder realizar a matrícula no TFG será requisito imprescindible ter realizada a matrícula en todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

### **Artigo 4.** Coordinación.

A Xunta de Centro nomeará un/ha coordinador/a do TFG coas seguintes funcións:

- Establecer un calendario que constará de:

- Datas para que os/as alumnos/as soliciten titores/as.
- Datas de entrega por parte dos/das profesores/as titores/as da relación de alumnos/as titorizados/as.
- Datas de entrega dos traballos dos/das alumnos/as.

- Repartir os traballos entre os tribunais, tendo en conta que ningún tribunal xulgará ningún traballo que titorizara algún dos seus membros. Entregar unha copia ó decanato.

- Fixar a data de entrega, por parte do alumado, do certificado do expediente académico previo á presentación do TFG.

- Ser o referente para o alumnado, e a conexión co decanato para resolver calquera incidencia.

- Remitir unha relación dos/das profesores/as titores e dos/das alumnos/as que titorizaron ao decanato, de cara a telo en conta na desgravación docente do curso académico seguinte.

## Artigo 5. Titor/a académico/a.

Os TFG realizaranse baixo a dirección e supervisión dunha persoa que actuará como titor/a académico/a do TFG. É misión da persoa titora supervisar e orientar ao/á estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico, así como facilitar a súa xestión, actuando como dinamizadora e facilitadora de todo o proceso ata a presentación e defensa do TFG. Poderá actuar como profesor/a titor/a calquera profesor/a que imparta docencia na titulación.

O/A coordinador/a do TFG será o/a responsable da substitución da persoa titora, temporal ou permanentemente, cando se dean casos de baixa prolongada ou se produza a finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo, podendo, neste caso, a Xunta de Centro decidir o réxime de cotitoría.

A titorización do TFG forma parte das obrigas docentes do profesorado, e, como tal, ter o recoñecemento segundo o establece a Universidade de Vigo.

## Artigo 6. Asignación da persoa titora e temática.

1. Para garantir que todo o estudiantado matriculado no TFG teña a titorización correspondente aceptando, na medida do posible, a preferencia dos/as estudantes e persoas titoras, establécense que:
  - a. Os/as titores/as determinaran o número de alumnos/as máximo que desexan titorizar cada curso académico. Así mesmo, cada titor/a poderá establecer criterios e normas específicas para a aceptación dos alumnos/as, como por exemplo establecemento de datas de entregas parciais ou determinacións de temas específicos sobre os que desenvolverá o TFG. Os/as alumnos/as serán informados do anterior.
  - b. Os/as alumnos/as solicitarán titores/as a principio do sétimo semestre. Estableceranse dous prazos para a solicitude dos/as titores/as.
    - *Primeiro prazo:* Establecerase un prazo comprendido entre dúas datas, onde o alumno/a poderá solicitar a titorización do titor/a a través da plataforma MOOVI. Cada alumno/a so poderá solicitar a titorización de un/unha profesor/a. Unha vez rematado o primeiro prazo de solicitudes, cada titor/a deberá comprobar cantas solicitudes recibiu e aceptará os alumnos/as que desexe titorizar, informando desta elección ao coordinador da materia. A elección dos alumnos/as a titorizar farase a criterio de cada profesor/a. Recoméndase que o/ alumno/a unha vez escolla ó/á titor/a se poña en contacto por medio de correo electrónico indicando a súa elección e as súas motivación para realizar o TFG con ese/a titor/a. O estudiantado non pode escoller máis dun titor/a ó mesmo tempo.  
No caso de que o número de solicitudes de alumnos/as para titorizar supere o número máximo que o profesor/a desexe/poda titorizar, quedaran alumnos/as sin titor/a os cales deberán solicitar un novo titor/a no segundo prazo.

- *Segundo prazo:* Os titores/as con prazos libres para titorizar poderán volver a ser solicitados/as como titores/as neste segundo prazo establecido entre dúas datas. O procedemento será igual que no primeiro prazo, de forma que unha vez recibidas as solicitudes os profesores/as titores/as aceptarán os/as alumnos/as a titorizar.
- c. Tras **os dous prazos de solicitude**, se un/unha estudante non ten titor/a, o/a coordinador/a lle asignará un/unha titor/a entre os profesores titores/as voluntarios de TFG e no caso de non ser suficientes para o número de alumnos/as matriculados na materia de TFG sortearase a titorización entre o resto dos profesores/as da titulación a tempo completo e/ou con vinculación permanente. En caso de que este profesorado non asuma a súa obrigaçión procederase a apertura dun expediente disciplinario.
- d. Os/As estudantes acordarán co/coa titor/a o tema do seu TFG, tendo en conta os temas dos TFG realizados en cursos anteriores aos que pode accederse a través da páxina web da Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo. Os temas escollidos polo alumnado/a no curso académico actual serán publicados en MOOVI. No caso de realizarse un cambio no tema do TFG no transcurso da súa elaboración, o titor/a deberá actualizalo para que sexa visible para o resto do alumnado.
- e. A adxudicación dun tema para o TFG e dunha persoa titora terá unha validez máxima de dous anos. Unha vez transcorridos estes, o/a estudante terá que volver a realizar un novo proceso de solicitude.
- f. O/A estudante poderá solicitar cambio na titorización do seu TFG, do mesmo xeito que o titor poderá solicitar cambio de estudante; debendo facelo mediante solicitude razoada ao/á coordinador/a. Se o/a titor/a solicita cambio de titorizado/a por incumprimento de obrigas do/a alumno/a, éste/a deberá agardar ata o próximo prazo de elección de titores/as para asignación dun novo titor/a.

## Artigo 7. Presentación e defensa.

O TFG será presentado e defendido, coa autorización do/a titor/a e tras ter un informe favorable na Secretaría Virtual subido polo/a seu/súa autor/a, ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.

Para a presentación e defensa do TFG o alumnado deberá ter superadas todas as materias, tal e como se especifica na memoria de verificación do título. O alumnado deberá facer a solicitude de defensa a través da secretaría virtual e entregar un xustificante ao coordinador/a da materia polos medios establecidos segundo a normativa.

#### **Artigo 8.** Avaliación e cualificación.

A Xunta de Centro nomeará tribunais do TFG entre o profesorado do Grao en Fisioterapia. Seguiranse os criterios de categoría docente e antigüidade para a determinación do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O/A titor/a dun TFG non poderá ser membro do tribunal que o cualifique.

Avaliación:

O tribunal terá en conta:

- A relevancia do traballo.
- A presentación con medios audiovisuais.
- A claridade na exposición, cinguíndose ao tempo marcado de entre 7 e 10 minutos. Será motivo de non superación un tempo inferior a 6 ou superior a 12 minutos.
- A defensa ante as preguntas do tribunal.

A nota que acada o/a alumno/a se corresponde coa media das notas establecidas polos tres membros do tribunal. A persoa que actúe como secretaría custodiará as valoracións de todos os membros do TFG.

O tempo de exposición e defensa non superará 45 minutos por estudante.

No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegará un informe coas recomendacións oportunas ao/á estudante e á persoa titora, de cara á mellora do TFG e á súa posterior avaliación.

Os tribunais cubrirán e asinarán a acta na secretaría virtual.